



EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN E MANTENIMENTO DO ALBERGUE DE PEREGRINOS DE VILANOVA POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

MODELO DE PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA.- Obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é a prestación do servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova-Vedra, coas peculiaridades que se sinalan neste prego.

O contrato definido ten a cualificación de contrato de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA.- Procedemento de selección e adxudicación.

A forma de adxudicación do contrato de servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova- Vedra, será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo do artigo 169.1 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, cando menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA.- O perfil do contratante.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil do Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.concellodevedra.com



CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato.

O importe do presente contrato ascende á cantidade de quince mil catrocentos (15.400) euros. O prezo certo anterior queda desagregado nun valor estimado de trece mil cincuenta e un (13.051) euros e no Imposto sobre Valor Engadido de dous mil trescentos corenta e nove (2.349) euros.

O importe aboarase con cargo á partida 432-227 do vixente orzamento municipal, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato.

A duración do contrato do servizo será de dous anos con efectos dende a sinatura do conseguente contrato, podendo prorrogarse polo Concello polo prazo de ata 12 meses.

CLÁUSULA SEXTA. Atención e mantemento do albergue.

Estarase ao disposto nas prescricións técnicas.

CLÁUSULA SÉTIMA.- Demostración da aptitude para contratar.

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:

- a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b) A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.
- c) Os demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.



2. A proba por parte dos empresarios da non concorrencia dalgunha das prohibicións de contratar do artigo 60 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, poderá realizarse:
 - a) Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.
 - b) Cando se trate de empresa de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario.

3.1. A Solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificantes da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de garantía, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

3.2. Nos contratos de servizos, a solvencia técnica dos empresarios acreditarase por un ou varios dos seguintes medios:

- a) Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúan importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por el ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.



b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control da calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do dito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose necesario, sobre os medios de estudo e de investigación de que dispoña e sobre as medidas de control da calidade.

e) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

g) Declaración sobre o cadro medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

CLÁUSULA OITAVA.- Presentación de ofertas e documentación administrativa.

As ofertas presentaranse no Concello de Vedra, Avda. Mestre Manuel Gómez, núm. 1, 15885, Vedra, en horario de atención ao público, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou polos medios electrónicos, informáticos ou telexinformáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.



A demostración da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida nel polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se teña recibida a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e teleinformáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o ten feito individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as solicitudes por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación sen condicións polo empresario das cláusulas do presente prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres cerrados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda “Oferta para negociar a contratación do servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova-Vedra”. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre “A”: Documentación administrativa
- Sobre “B”: Oferta económica e documentación

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada deles:

SOBRE “A”

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

- a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.
- b) Documentos que acrediten a representación.
 - Os que comparezan ou asinen as ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.
 - Se o candidato fora persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.



- Igualmente a persoa con poder validado para efectos de representación, deberá achegar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.
- c) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

- d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Si a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa de contratación para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

- e) No seu caso, unha dirección de correo electrónico no que efectuar as notificacións.
- f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirectos puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao candidato.



**SOBRE “B”
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

a) Oferta económica

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

“D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, nº _____, con DNI nº _____ en representación da Entidade _____, con CIF nº _____, tendo recibida invitación para a presentación de ofertas e informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado do contrato de prestación do servizo de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova-Vedra, fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o valor engadido.

En _____, a ___ de _____ do 20__.

Sinatura do candidato,

Asdo: _____-.”

b) Documentos que permitan á Mesa de Contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA.- Aspecto obxecto da negociación coa empresa.

Para a valoración das ofertas e a determinación da economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación.

- 1- Obras de mellora a realizar nas instalacións.: ata 10 puntos.
- 2- Proxecto de explotación. Memoria sobre iniciativas ou melloras que se propoñan en canto á atención aos peregrinos e do albergue en xeral: ata 8 puntos.
- 3- Experiencia na atención persoal a peregrinos en postos similares (valorarase sobre todo a calidade na atención): ata 7 puntos.
- 4- Prezos das consumicións: ata 3 puntos.
- 5- Prezo: ata 1 punto.

CLÁUSULA DÉCIMA.- Mesa de contratación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición adicional segunda do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co



artigo 21.2. do Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público estará presidida por un membro da corporación ou un funcionario da mesma e actuará como secretario un funcionario da corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vogais, entre os cales estará o secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. Carlos Martínez Carrillo, Alcalde-Presidente, que actuará como Presidente da Mesa
- D. Carlos J. Méndez-Losada Abalo, en calidade de interventor.
- D^a. María Jesús Piñeiro Caldelas, en calidade de vogal.
- D^a. Lucía González Louro, en calidade de vogal.
- D^a. Cruz Vilas Giadanes, en calidade de técnico.
- D^a. Mercedes Pereiras Caldelas, que actuará como Secretaria da Mesa.

CLÁUSULA UNDÉCIMA.- Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DUODÉCIMA.- Apertura das ofertas.

A mesa de contratación constituirase o terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas, ás 13 horas e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres "A".

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.

E posteriormente, procederá á apertura e exame do sobre "B" e comezará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.



CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.- Requirimento de documentación.

Recibidos os informes, e reunida de novo a Mesa de Contratación, propondrá ao licitador que teña presentado a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que tivera presentado a oferta económica máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a demostración diso, de dispor efectivamente dos medios que se tiveran comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.- Garantía Definitiva.

Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído no Imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse dalgunha das seguintes formas:

- a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositáanse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadrada nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades Locais contratantes ante as que deban xurdir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.
- c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se teña producido o vencemento do prazo de garantía e cumprimento satisfactoriamente do contrato.



Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.- Adxudicación do contrato.

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguinte á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.- Formalización do contrato.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo ao seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.- Revisión de prezos.

O prezo deste contrato poderá ser obxecto de revisión sempre e cando se tivera executado, cando menos, o 20% do seu importe e tiveran transcorrido un ano dende a súa adxudicación.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.- Prazo de garantía.

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de seis meses, a contar dende a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado no presente Prego e no de Prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularan reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a emenda deles.



CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.- Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no Prego de Prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que se darán ao contratista para a súa interpretación polo órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA.- Penalidades por incumprimento.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 € por cada 1.000 € do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución del ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando o contratista, por causa imputables a el, incumprira a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

Cando o contratista incumprira a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades en función da gravidade do incumprimento cuxo importe non poderá superar o 10% do presuposto do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se estivese designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se tivera constituído, cando non poida deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Resolución do contrato.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización por danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan o importe da garantía.



CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.- Réxime xurídico do contrato.

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña ao Texto refundido da Lei de contratos de sector público e esta vixente trala entrada en vigor do Real decreto 817/2009; adicionalmente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entres as partes no presente contrato de conformidade co disposto nos artigos 21.1 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

En Vedra, a 7 de marzo de 2012
O ALCALDE,

Carlos Martínez Carrillo



PRESCRICIÓNS TÉCNICAS

CADRO DE GASTOS/INGRESOS DO ALBERGUE DE PEREGRINOS EN SAN PEDRO DE VILANOVA

ANO 2012	INGRESOS	GASTOS
Durmidas	15.400 €	
Electricidade		2.000 €
Gas		3.000 €
Limpeza		900 €
Mantementos ordinarios		500 €
Persoal		9.000 €
SUMA PARCIAL	15.400 •	15.400 €

ATENCIÓN E MANTEMENTO

O Albergue deberá estar aberto as 24 horas e o horario de atención persoal por parte do adxudicatario será como mínimo das 11:00 ás 14:00 e de 19:30 a 22:00 horas.

O adxudicatario farase cargo dos gastos ordinarios do albergue.

O adxudicatario farase cargo da limpeza e mantemento do albergue.

O adxudicatario farase así mesmo cargo de todos os elementos que no seu caso pasen a formar parte do albergue como iniciativa ou melloras na adxudicación.

Tamén será responsable de dispoñer de todas as autorizacións, permisos e demais para o seu correcto funcionamento.

Os licitadores presentarán unha memoria sobre iniciativas ou melloras que pola súa conta propoñan a fin de mellorar os servizos de atención aos peregrinos e do albergue en xeral.

Os prezos que non estean regulados, serán obxecto de negociación co Concello quen poderá establecer uns prezos máximos (bebidas, bocadillos e demais) tomando como base os habituais nos establecementos similares.